

1

Tipos de textos

A lingua e a súa organización

A literatura: características e linguaxe

Lingua

SABER

- Tipos de textos: modalidades e finalidades
- O significado das palabras. A polisemia
- A lingua e a súa organización
- Regras ortográficas xerais
- As linguas peninsulares: formación e evolución

SABER FACER

- Comprender e analizar un texto
- Analizar un texto comunicativamente
- Usar a prosodia para diferenciar textos
- Elaborar textos con distintas intencións comunicativas

Literatura

SABER

- A literatura: características e linguaxe

SABER FACER

- Proxectar a representación dun texto dramático



Vivimos rodeados de textos que nacen da nosa necesidade de comunicarnos. Pero as situacións en que emitimos unha mensaxe e a intención con que o facemos poden ser moi diversas, e iso condiciona a forma dos textos que producimos.

1 Explica cal pode ser o significado da obra artística da imaxe. Que representará?

2 Cando constrúes un texto para comunicar algo, que cousas determinan a forma que lle dás? Cantos tipos de textos cres que hai?



Un río de palabras

Ao primeiro nin sequera estaba seguro de que se tratase dunha boa idea. Ocorréuseme mentres contemplaba eses papeis con anuncios de todo tipo que a xente pega nos lugares máis frecuentados. Calquera persoa que viva na cidade está farta de velos, aínda que para ler o seu contido haxa que achegarse ben a eles, pois case sempre están en letra moi pequena: «Ofrécese señora por horas para coidar nenos», «Sacamos a pasear o teu can», «Cerralleiros, 24 horas», «Licenciada dá clases particulares de Matemáticas»... É doado distinguilos, pois pola parte de abaixo a folla sempre está recortada formando tiras onde aparece o teléfono ao que hai que chamar. Eu pensaba que ninguén lles facía caso, mais cambiei de opinión cando comecei a observar que de moitos deles desaparecían case todos os tickets cos teléfonos ás poucas horas.

Así que entra dentro da lóxica que se me ocorrese algo parecido cando volvíñ atopar un deses libros que me alborotan o corazón e me devolven a alegría de vivir. Ao rematalo, asaltoume de novo o desexo que sinto neses casos: telefonar os amigos, saír a berrar no medio da rúa. Dicirlle á xente que non poden seguir vivindo sen ler un libro así, hai demasiada beleza nel para ignoralo.

A idea veu a min con naturalidade. Aínda non era ben consciente do que quería facer, cando xa estaba diante do ordenador, copiando as primeiras liñas daquel volume de relatos que me tivera absorbido nos días anteriores. Fíxeno cunha letra de corpo vinte e cun interliñado xeneroso, de ningunha maneira quería que pasase inadvertido entre os outros papeis.

Soño coa primeira cereixa do verán. Doulle e ela lévaa á boca, mírame con ollos cálidos, de pecado, mentres fai súa a carne. De repente, bícame e devólveme coa lingua. E eu que marcho tocado para sempre, o óso da cereixa todo o día rolando no teclado dos dentes como unha nota musical silvestre.

Imprimín vinte follas, en papel de cor azul. Despois tiven que recortar á man as tiras da parte inferior; foi un traballo laborioso, pero pagou a pena. Nelas, en vez do número de teléfono, escribín o título do libro e o nome do seu autor. Se a alguén lle interesaba a historia que se agachaba detrás daquelas poucas liñas, alí tiña o fío que lle permitiría entrar nela e descubrir as súas marabillas.

Peguei as follas por todo o barrio. Como sentía algo de vergoña, erguinme cedo e coloqueinas de mañanciña, antes de marchar para o traballo. Ao volver da oficina, o primeiro que fixen foi percorrer os lugares onde deixara os papeis. O corazón fósime enchendo de optimismo a medida que vía cortadas a maior parte das tiras. Era máis do que eu agardaba, o sinal **inequívoco** de que as miñas mensaxes estaban xa nas mans doutras persoas descoñecidas.

Animado polo éxito, decidín probar de novo. Desta vez elixín as liñas iniciais dun deses libros que releo cada certo tempo, para revivir a emoción da primeira vez:

Foi no verán en que o home pisou a Lúa por primeira vez. Eu daquela era moi novo, mais non cría que houbese futuro. Quería vivir perigosamente, ir o máis lonxe posible e despois ver que me sucedería cando chegase aló. Tal e como saíron as cousas, case non o consigo. Pouco a pouco, vin como o meu diñeiro ía minguando ata quedar reducido a cero; perdín o apartamento; acabei vivindo na rúa. De non ser por unha rapaza que se chama Kitty Wu, probablemente acabaría morrendo de fame.

inequívoco: que non ofrece lugar a dúbidas nin a equivocacións.

asimilar: comprender, incorporar algo aos coñecementos previos que se posúen.

irrefreable: que non se pode conter nin reprimir.

exultante: que sente unha grande alegría e a manifesta de forma visible.

Axiña comprobei que os tickets das miñas follas desaparecían ao pouco tempo de distribuílas. O sistema funcionaba! Seguí colocando novos textos cada tres ou catro días, pois quería deixar o tempo suficiente para que se puidese **asimilar** o efecto que produciría cada un. Cando cheguei á décima folla, decidín facer algo especial. Escollín un papel de maior calidade e, tras moitas dúbidas, seleccionei o comezo dun libro que me deixara marcado desde o ano, xa tan distante, en que o lera por primeira vez:

Unha mañá, cando Gregorio Samsa despertou despois dun sono intranquilo, atopouse sobre a súa cama convertido nun monstruoso insecto.

Á mañá seguinte, cando saín a colocar os meus carteis, descubrín con abraio que alguén pegara outros semellantes. Sentín unha emoción **irrefreable**, maior aínda cando comprobei que aquela anónima persoa se atvera con poesía, dándolles así unha boa lección a todos cantos, equivocadamente, afirman que é un xénero minoritario. Non só arrinqueei un ticket, senón que, despois de pegar tamén as miñas follas, me mantiven vixilante todo o día, para ver como era recibida a nova proposta. A recepción que tivo foi extraordinaria, pois os tickets voaron con máis rapidez que outras veces. Sentíame **exultante**! Agora sabía que preto de min había unha persoa disposta a compartir a emoción que tamén ela sentía ao ler algún deses libros que nos iluminan a vida.

Claro que a sorpresa maior tívena o seguinte luns. Cando me erguín para colocar as follas cun novo texto, atopeime con que as rúas enteiras aparecían repletas de papeis de cores por todas as partes: nas esquinas das paredes, nos farois, nas portas dos comercios, nos semáforos, na parada do autobús... Todo o barrio estaba inundado de textos magníficos e de tickets que colgaban tentadores por baixo deles, como os froitos maduros de árbores exóticas.

Non sei se este milagre durará sempre ou será só unha paixón de outono que desaparecerá coa chegada da chuvia. Pero algo me di que non é flor dun día, pois hai cousas que, como a bóla de neve que roda monte abaixo, só precisan do pulo inicial para que comecen a medrar. Quen sabe? Quizais este andazo se estenda á cidade enteira, quizais acaben sendo milleiros as persoas que se animen a inundar as rúas con ríos de palabras.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, *O único que queda é o amor* (adaptación)

SABER MÁIS



Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), un dos autores máis recoñecidos da literatura infantil e xuvenil galega, traballou como docente durante máis de trinta anos. É autor de máis de corenta e cinco obras, traducidas a numerosos idiomas, entre as que se inclúen títulos emblemáticos como *Contos por palabras*, *Aire negro* e *Cartas de inverno*. O seu labor literario, amplamente recoñecido nos ámbitos galego e español, fíxoo merecedor de premios como o Lazarillo, o Merlín, o Raíña Lupa, o Martiño Sarmiento, o Xosé Neira Vilas, o Barco de Vapor, etc.

A obra *O único que queda é o amor*, que inclúe o relato reproducido nestas páxinas, recibiu en 2008 o Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil, concedido polo Ministerio de Cultura español, e foi incluída na IBBY Honour List en 2010.



Comprender e analizar un texto

Obter información

- 1 Describe brevemente o protagonista deste relato a partir da información proporcionada no texto.
- 2 Responde.
 - Por que escolle o protagonista o formato dos anuncios para compartir textos literarios?
 - Que tipo de textos literarios aparecen nos anuncios?
- 3 Cal é a súa intención ao compartir eses textos?
- 4 Como responde a xente á iniciativa? Relaciona a resposta co título da lectura.
- 5 Cal é o xénero que recibe mellor acollida por parte do público? Por que resulta paradoxal este feito?
- 6 Procura as referencias temporais e espaciais no conto e indica cando e onde sucede a historia.

Interpretar o texto

- 4 No relato dise que os tickets dos textos colgan tentadores como «fritos maduros de árbores exóticas». Explica que suxire esta comparación.
- 5 Fíxate nesta expresión da lectura e responde.

Ser flor dun día.

 - Cal é o seu significado?
 - A que se refire cando se utiliza no texto?
- 6 No relato reproducése o texto dalgúns anuncios que o protagonista contempla. Fíxate neles e responde.
 - Cal é a finalidade deste tipo de textos?
 - Que características adoitan ter?
 - En que tipo de espazos é habitual atopalos?
- 7 O protagonista adopta o formato dos anuncios, pero utilízao para compartir textos literarios. Completa a táboa sinalando que elementos coloca o personaxe no lugar dos que se indican.

Texto do anuncio	...
Teléfono de contacto	...
- 8 Observa os textos literarios que comparte o protagonista e responde.
 - Cal é o obxectivo destes textos, fronte aos dos anuncios?
 - Que características adoitan presentar?
 - Por que cres que o personaxe copia só un breve fragmento do inicio do texto?

Reflexionar e avaliar

- 9 Nunha entrevista concedida por Agustín Fernández Paz, o autor expresou que, ao escribir a obra que inclúe este relato, quixo resaltar a importancia dos libros na vida das persoas. Explica como cres que se manifesta esta intención no conto.
- 10 Procura os títulos e os autores das obras que o protagonista do conto comparte nos seus anuncios.
 - Explica cal é a relevancia deses escritores.
 - Indica cal pertence ao ámbito da literatura galega.
- 11 **TRABALLO COOPERATIVO.** Organizádevos en grupos para debater sobre a importancia que ten a literatura para os individuos e para as sociedades. Que funcións credes que cumpre?
 - Anotade as vosas conclusións por escrito e compartídeas co resto dos compañeiros.



Podes ver a entrevista íntegra na páxina do autor (agustinfernandezpaz.eu), dentro da sección Biografía/Entrevistas.

Tipos de textos: modalidades e finalidades

1 Que é un texto?

Os seres humanos comunicámonos intercambiando mensaxes que constitúen textos.

Un **texto** é un enunciado ou conxunto de enunciados con sentido completo e unitario que transmite un emisor nunha situación determinada e movido por unha intención comunicativa concreta.

2 Clasificación dos textos

Os textos poden clasificarse de acordo con diferentes criterios. Algúns dos máis utilizados son a forma do discurso e a intención comunicativa con que o emisor elabora o texto.

2.1. Tipos de texto segundo a forma do discurso

Tradicionalmente, distínguense cinco formas do discurso e, segundo a que predomine nun texto, diremos que é narrativo, descritivo, dialogado, expositivo ou argumentativo.

Os **textos narrativos** caracterízanse por ofrecer o relato duns feitos que se suceden no tempo; **nos descritivos**, o fundamental é a caracterización de seres, obxectos, entidades ou fenómenos; **nos dialogados** preséntase un intercambio comunicativo directo entre dous ou máis interlocutores; **nos expositivos** desenvólvese un tema ou preséntase un concepto; e **nos argumentativos** deféndese razoadamente unha opinión propia ou emítese un xuízo crítico sobre unha opinión allea.

O máis habitual é que nun mesmo texto convivan varias formas do discurso, aínda que unha delas predomine. A novela, por exemplo, é un texto narrativo, pero no seu interior adoitan alternar, polo menos, fragmentos narrativos, descritivos e dialogados.

2.2. Tipos de texto segundo a intención comunicativa

Podemos clasificar os textos segundo a finalidade ou obxectivo do emisor ao producilos. Se o propósito fundamental é transmitir coñecementos, falamos de **textos informativos** (noticia de xornal, definición dun dicionario, etc.); se o noso obxectivo é convencer o receptor de algo, elaboramos un **texto persuasivo** (anuncio publicitario, artigo de opinión...); se a nosa intención é guiar a acción do receptor, falamos de **texto prescriptivo** (reglas dun xogo, manual de instrucións...); os textos que buscan crear unha impresión estética no receptor son **literarios** (poema, canción, conto...).

Nun mesmo texto pode haber máis dunha intención comunicativa; é posible que unha novela ambientada no pasado nos axude a coñecer aspectos históricos (texto informativo) mentres nos deleita esteticamente (texto literario), e mesmo é posible que nos faga adoptar determinados posicionamentos ante os feitos que nos presenta (texto persuasivo).



A forma dun texto depende tamén do ámbito en que vai circular. Por exemplo, un emisor que ten a intención de informar sobre os riscos de non coidar a natureza, no ámbito xornalístico escribirá unha reportaxe; no ámbito académico, unha conferencia, un artigo científico, etc.; no ámbito persoal, pode narrar unha vivencia propia relacionada co tema.

O Sáhara anegado de desesperanza

En Tinduf, no sueste de Alxeria, o tempo é unha bóla de lume que se move a galope polo ceo. Os nenos saharauís danlle patadas ao sol e queren marcar goles na portería do horizonte. Porén, o balón sempre volve ao campo de xogo. Dende hai trinta anos, o sol nace no campo de refuxiados do deserto, demostrándolles que a partida aínda non rematou, que non soou aínda o asubío do árbitro da xeopolítica internacional. Na Hamada onde habitan os saharauís exiliados, os reloxos non son de area. Os reloxos son maletas sempre feitas no fondo dunha casoupa de adobe. E alí os reloxos non marcan os segundos, senón as esperas. Non dan as horas da vida, senón as da tregua. As de quen aspira a regresar á súa terra, ao territorio do que foron expulsados por Marrocos. As horas longuísimas de quen loita por que cese tanta indiferenza.

As míseras haimas saharauís esténdense coma unha alfombra sobre un inmenso pedregal. As haimas foron feitas para se desfaceren rápido e un campo de refuxiados non é lugar para medrar. Non é lugar para vivir. As maletas cheas son un denominador común a todos os pobos exiliados. E nós tamén o fomos.

Os saharauís non queren vivir no deserto. Non queren vivir nun exilio que se prolonga xa máis de trinta anos. Hai nenos e mozos que non viron outra cousa que un horizonte de pedras. Que só comeron pasta e arroz da axuda internacional. Que saben que existe o mar porque llelo contaron os máis vellos. Hai nenos que viñeron a Europa co programa Vacacións en Paz e viron por primeira vez unha mazá. Unhas escaleiras. Unha billa da auga. A luz eléctrica. Vostede sábeo. Sábeo porque viu nos ollos do seu pequerrecho de adopción toda a inmensidade do deserto. Viu a desolación dunha traxedia deitada enriba das pedras. Viu a súa satisfacción por aprender a andar en bicicleta e a sorpresa do mar. Viuno todo. Déitase con iso cada noite. A vostede o que lle gustaría é que esta situación acabase para sempre. Poder visitar o seu neno de adopción na súa casa, fronte ao mar.

É urxente unha solución política para o conflito entre Marrocos e o Sáhara e que España asuma a



súa responsabilidade histórica cos territorios africanos. Porque vostede sabe, coma min, que a vida e o futuro non caben nunha maleta.

ROSA ANEIROS, *Ao pé do abismo* (adaptación)

ACTIVIDADES

- 1** Con que finalidade se escribiu este texto? Elixo unha ou varias opcións e xustifica a túa escolla.

- Informar
- Emitir unha orde
- Entreter
- Persuadir

- 2** Indica en que contexto comunicativo poderías atopar un texto coma este e explica por que. Relaciona ese contexto coa finalidade do texto.

- ☐ Nunha novela.
- ☐ Na sección de «Opinión» dun xornal.
- ☐ Nun manual académico sobre historia contemporánea.

- 3** Fíxate no primeiro parágrafo e sinala con que elementos se identifican ou comparan estas realidades.

- O tempo →
- O balón →
- Os reloxos →

► Como se chama este tipo de recurso literario? Por que cres que se utilizan recursos literarios nun texto que non é literario? Que efecto producen?

- 4** Explica por que na última parte do texto hai apelacións ao lector. Que obxectivo se persegue?

➔ SABER FACER

**Expresión oral: Usar a prosodia para diferenciar textos**

A prosodia ou maneira en que pronunciamos un texto (entoación, pausas...) varía en función da finalidade que ese texto teña.



- 1** Escoita este diálogo en que se proporciona tres veces a mesma información. A continuación, responde.

- Cal é esa información? Preséntase de forma idéntica nas tres ocasións?
- Que aspectos varían no referente á prosodia: ton de voz, velocidade con que se fala, volume...? Percibes algún outro tipo de variación?

- 2** Indica que intención ten o falante cada unha das veces que emite a mensaxe: proporcionar unha información, persuadir o oírte ou expresar unha orde?

- 3** Fíxate na información que se proporciona no cadro e, a partir dela, elabora dous textos orais diferentes, cada un coa finalidade que se indica. Non esquezas marcar coa prosodia a diferenza entre os dous textos.

- Un texto informativo en que lle expliques a alguén os beneficios da actividade física.
- Un texto persuasivo en que lle aconselles a alguén que empece a practicar algunha actividade física.

**Expresión escrita: Elaborar textos con distintas intencións comunicativas****Planificación**

- 4** Procura información para redactar tres descrições dun can con propósitos diferentes:
- Unha descrição académica destinada a presentarlle as características do animal a uns alumnos de Veterinaria.
 - Unha descrição literaria en que expreses os sentimentos que o can che esperta.
 - Unha descrição persuasiva en que actúes como un criador que ten a intención de venderlle o animal a alguén que o necesita como guía.

Redacción

- 5** Elabora as descrições tendo presente en cada unha o obxectivo que persegues.
- Presenta en cada caso, dun xeito ordenado, as características que seleccionaches.
 - Utiliza adxectivos máis obxectivos no caso do texto informativo e máis subxectivos no caso do texto literario.
 - No texto persuasivo, intenta presentar as características do animal dun xeito atractivo, como se fai na publicidade.

Corrección e edición


- 6** **TRABALLO COOPERATIVO.** Lelle as tres descrições a un compañeiro para que deduza cal é a informativa, cal a persuasiva e cal a literaria. Utiliza unha entoación axeitada para reforzar a intención comunicativa de cada texto.



- Pídelle ao compañeiro que valore ata que punto se axusta cada descrição ao propósito perseguido e que che suxira como melloralas para que se adecúen máis a ese obxectivo.

O libro. O significado das palabras


1 Como se chama cada parte do libro? Relaciona.



- | | |
|-----------------|-------------------|
| 1 cuberta | 7 portada |
| 2 contracuberta | 8 anteportada |
| 3 solapa | 9 garda |
| 4 lombo | 10 páxina |
| 5 cantoneira | 11 folla |
| 6 nervios | 12 corte superior |

2 Completa o esquema e explica o significado das palabras. Se o precisas, utiliza o dicionario.

orixinal - editor - tipografía - corrector - imprenta - encadernador
maquetación - revisión - publicación



► Completa o seguinte texto coas palabras anteriores.

O meu chegou ás mans do a comezos de ano, despois de que o meu autor acordase con el que eu ía nacer naquela editorial. Fun levado ao departamento de , onde me trataron con moito esmero e elixiron unha preciosa para min. Despois, enviáronme ao para a miña e deixáronme sen un erro. Xa estaba preparado para pasar pola e ir ao . Por fin vin a luz; a miña levouse a cabo na primavera.



3 Fíxate no texto e copia un exemplo de cada tipo de letra.



- Letra redonda: .
- Letra grosa: .
- Letra cursiva ou itálica: .
- Versaletas: .
- Letra capitular: .

► Explica para que coidas que se empregou cada tipo de letra.

4 Explica o significado das expresións destacadas e escribe outras oracións con elas.

- Naceulle un fillo e anotáronllo no **libro de familia**.
- Cando rematou a ESO entregáronme o **libro de escolaridade**.
- Este ano no meu colexio non cambiaron os **libros de texto**.
- O novo xornal ten un **libro de estilo**.
- A última novela de Manuel Rivas é o meu **libro de cabeceira**.
- Ese título lino nun **libro de peto** precioso.



5 Quen é cada quen? Relaciona.



Vendo o libro.



Encárgome da nova colección.



Escribín a obra xa hai tempo.



Maqueto os orixinais e coloco fotos e ilustracións.

realizador/a

autor/a

libreiro/a

editor/a

6 Busca no dicionario o significado das palabras que precisas e explica se están ao comezo ou ao final do libro.

apéndice • limiar • prólogo • epílogo • proemio

O SIGNIFICADO DAS PALABRAS NO DICCIONARIO. A POLISEMIA

As palabras serven para designar diferentes realidades: persoas, animais, obxectos, calidades, accións. Son, xa que logo, conxuntos de sons que teñen un determinado significado. Agora ben, a maior parte das palabras son **palabras polisémicas**, é dicir, teñen máis dun significado. O significado concreto que a palabra ten nun momento dado depende de factores como a situación en que se usa, o enunciado en que se inclúe e outros similares.

No dicionario recóllense os distintos significados dunha palabra ordenándoos mediante números. Exemplo:

planta s. f. 1. Organismo vivo do reino vexetal. 2. Vexetal con raíz, talo, follas, etc., en particular, os que non teñen tronco. 3. Parte inferior do pé, que vai desde a base das dedas ata o calcañar. 4. Cada unha das partes en que se divide horizontalmente unha construción. 5. Plano dun edificio ou doutra cousa visto desde arriba. 6. Instalación industrial.

7 Distingue o significado que ten en cada oración a palabra destacada.

- Unha **rede** de espionaxe controlaba a súa **rede** de ordenadores a través da Rede.
- Iria vai **actuar** de protagonista na obra do colexio.
- O analxésico **actuou** de forma inmediata e alivioulle a dor.
- Segundo quen o acompañe, **actúa** dun xeito ou doutro.

8 Escribe oracións en que unha mesma palabra teña significados distintos.

Exemplo: Sentei no **banco** que hai en fronte do **Banco** de España.



A lingua e a súa organización

1 Comunicación e linguaxe

Os seres humanos comunicámonos de varias maneiras: cos xestos (chiscar un ollo, por exemplo), cos sinais (unha sirena dunha ambulancia ou a luz dun semáforo), coas iconas (a silueta dun cervo que anuncia a presenza de animais soltos)... Xunto a estes procedementos, dispoñemos doutro sistema de comunicación especialmente rico e complexo, que se basea no uso da palabra: a linguaxe.

A **linguaxe** é a facultade que lles permite aos seres humanos comunicarse entre si mediante o uso de signos verbais.

2 A lingua, sistema de signos e regras

A facultade da linguaxe concrétase no uso dunha lingua. O galego é unha lingua, igual ca o portugués, o castelán, o éuscaro, o catalán, o francés e o inglés.

Chamámoslle **lingua** ao idioma concreto que comparte unha comunidade de falantes.




PRESTA ATENCIÓN

Lingua e fala

- A **lingua** é un conxunto de signos e de regras que están a disposición de todos os falantes dun mesmo idioma.
- A **fala** é o uso que un falante fai da lingua ao construír unha mensaxe determinada. Por extensión, chamamos tamén fala á maneira de usar a lingua dunha comunidade: a fala das Rías Baixas, a fala dos mozos, a fala dos vellos...

As linguas están constituídas por signos que emitimos oralmente: os **signos lingüísticos**. A palabra *libro* é un signo lingüístico: un grupo de sons *l-i-b-r-o*, ao que lle asociamos un concepto: 'conxunto de follas escritas ou impresas, pegadas entre si e encadernadas'.

Cada **signo lingüístico** consta de dúas partes –o **significante** e o **significado**– que remiten a unha realidade ou referente:



O signo lingüístico é **arbitrario** e **convencional**, xa que non existe ningunha razón lóxica nin de semellanza para asociar unha palabra a unha realidade determinada. De feito, en cada lingua empréganse palabras distintas (*libro*, *book*, *livre*, *llibre*...) para nomear conceptos semellantes.

Os signos dunha lingua relaciónanse entre si segundo unhas **regras**. Esas regras esixen, por exemplo, que en galego o artigo e o adxectivo concorden en xénero e número co substantivo, de xeito que unha combinación como **O ponte novo* non é admisible. As regras que rexen a formación e a combinación dos signos nunha lingua constitúen a **gramática** desa lingua.


3 A organización da lingua

A lingua é un sistema que funciona mediante combinacións de unidades que dan lugar a outras unidades cada vez máis complexas:

- Os **fonemas** son as unidades mínimas das linguas que carecen de significado. Son fonemas, por exemplo, l, i, b, r, o.
- As **palabras**. Agrupando fonemas entre si fórmanse unidades máis complexas que teñen significado: *libro*.
- Os **enunciados**. As palabras combínanse entre si para formar unidades que expresan unha idea. Estas unidades son os enunciados. Por exemplo: *O libro de familia*.
- Os **textos**. Os enunciados combínanse con outros enunciados para formar unidades de comunicación pechadas, como unha carta, un informe, un conto, unha conferencia..., ou o texto de Agustín Fernández Paz, *Un río de palabras*.

Este xeito de funcionamento, polo que as unidades poden repetirse e combinarse con outras da súa mesma natureza para ir producindo unidades máis complexas e con maior capacidade de significación, é o que permite que cunhas poucas unidades –os fonemas– poidamos construír un número infinito de textos.

Organización da lingua



ACTIVIDADES

- 1 Di que información se transmite en cada caso e a través de que procedemento.



- 2 Elabora tres formas distintas de expresar a seguinte mensaxe: *Non pasar*.
- 3 Explica con exemplos as seguintes afirmacións.
- O signo lingüístico é arbitrario.
 - Un mesmo significante pode ter varios significados e un significado pode expresarse con diversos significantes.

- 4 Copia as palabras que constitúan signos lingüísticos.

- frouma • mñp • s • mel
- ab • refulxente • con • estrela

- 5 Identifica nestas palabras o significante e o significado.

- anuncio • traballo • emoción • tesoiras

- 6 A palabra *linguaxe* é polisémica. Consulta un dicionario e explica con que significado se empregou ese termo en cada oración.

- O teu tío é un experto na **linguaxe** das abellas.
- Os habitantes de La Gomera empregan unha **linguaxe** acústica para se comunicaren entre eles.
- Cando empezaron cos insultos empregaban unha **linguaxe** vulgar.
- Xurxo é informático e manexa a **linguaxe** da programación.
- O accidente afectoulle a capacidade da **linguaxe**.

4 O nivel fónico e o nivel morfolóxico

A existencia de unidades –fonemas, palabras, enunciados e textos– con características propias e unha diferente complexidade permítenos distinguir na lingua varios niveis: o nivel fónico (fonemas), o nivel morfolóxico (palabras), o nivel sintáctico (oracións) e o nivel textual (textos).



Cada falante dunha lingua ten o seu xeito de pronunciar, que depende da procedencia (non falan igual por exemplo, os de Lugo e os de Fisterra), da formación, do contexto e mesmo do seu estado de ánimo.

4.1. O nivel fónico: sons e fonemas

A linguaxe humana é eminentemente oral, posto que funciona mediante sons. Os **sons** –m, p, s, t, a...– son as unidades máis pequenas da lingua, coas que se forman as palabras. Son unidades que non teñen significado.

Cando os sons nos permiten distinguir palabras, chámanse **fonemas**. Por exemplo, os fonemas vocálicos /o [aberto]/ e /o [pechado]/ permítenos distinguir entre *óso* e *oso*, e os fonemas consonánticos /b/, /l/, /p/, entre *bote*, *lote* e *pote*.

En galego hai 26 fonemas: 19 consonánticos (b, ch, d, f, g, k, l, ll, m, n, n velar, ñ, p, r, rr, s, t, x, z) e 7 vocálicos (a, e [aberto], e [pechado], i, o [aberto], o [pechado], u).

4.2. O nivel morfolóxico: palabras e morfemas

Os sons da lingua organízanse neses conxuntos con significado chamados **palabras**. Con todo, as palabras non son as unidades máis pequenas con significado. Por exemplo, nunha palabra como *movemento* podemos distinguir outros segmentos máis pequenos que tamén teñen significado:

- *move-*: remite á idea de 'cambiar de lugar ou de posición'. Este segmento aparece tamén en palabras como *mover* e *movedizo*.
- *-mento*: achega a idea de 'acción e efecto'. É un segmento de carácter gramatical que permite formar substantivos a partir de verbos (*mover* → *movemento*). Aparece tamén en palabras como *coñecemento*, *entretemento*, *impedimento*, *cargamento*.

As unidades lingüísticas dotadas de significado que son constituíntes dunha palabra reciben o nome de **morfemas**. Hai distintos tipos de morfemas:

Os morfemas. Clases	
Raíz, morfema léxico ou lexema	Achega a significación básica da palabra. Por exemplo: <i>nen-</i> é a raíz de <i>nen</i> , <i>nena</i> , <i>nenos</i> , <i>nenas</i> e <i>and-</i> a raíz de <i>ando</i> , <i>andabas</i> , <i>andou</i> .
Desinencia ou morfema flexivo	Indica xénero, número, tempo, persoa... Engádesse ao final dunha palabra para construír unha forma distinta desa mesma palabra. Por exemplo: <i>-s</i> (en <i>reis</i>), <i>a</i> (en <i>nena</i>)...
Afixo ou morfema derivativo	Unese á raíz para formar unha palabra distinta. Os afixos son sufixos ou prefixos: • Os sufixos van detrás da raíz: <i>-ista</i> (en <i>pianista</i>), <i>-eiro</i> (en <i>ferreiro</i>). • Os prefixos van diante da raíz: <i>pre-</i> (en <i>prehistoria</i>), <i>in-/i-</i> (en <i>irreal</i>).

ACTIVIDADES

- 7 Pronuncia dez palabras diferentes con estes sons. Despois escribe un enunciado con cada unha.

a - e - i - o - u - m - b - r - s - n - t - c - g - p

- 8 Explica que fonemas nos permiten distinguir estes grupos de palabras.

- póla-pola
- xesta-sesta
- pé-pe
- ola-hora
- vea-tea-cea-lea
- boa-doa-coa

- 9 Segmenta estas palabras nos constituíntes que as forman: raíz, desinencias, sufixos, prefixos.

- bisnetas
- ferreiro
- parasol
- subdirectora
- tren
- elefanta
- luns
- prehistórico

- 10 Explica que problema no nivel fónico provocou o malentendido.

Que tal a casa?

Hoxe mal, non casamos nin un coello!

Regras ortográficas xerais

1 Representación dos sons

En galego, a maior parte dos sons represéntanse cunha soa letra e a maioría das letras correspóndense cun único son. Non obstante, hai excepcións a esta norma. Podemos encontrar, por exemplo, sons que se representan con máis dunha grafía, como ocorre co son B (*bóla, covarde*), e grafías que se empregan para representar máis dun son, como o **c**, que representa nuns casos o son Z (*cereixa*) e noutros casos o son K (*caldeiro*). No seguinte cadro exemplifícase isto:

Sons	Representación
K (<i>casa</i>)	- c ante a, o, u (<i>cara, cóbado, cura</i>), ante consoante (<i>clase, cravo</i>) e ao final de palabra (<i>cómic</i>). - qu ante e, i (<i>queixo, quince</i>). - k en palabras de orixe estranxeira (<i>kiwi, anorak</i>).
G (<i>galo</i>)	- g ante a, o, u (<i>gas, gol, guante</i>) e ante consoante (<i>graza, glaciar</i>). - gu ante e, i (<i>guerra, guitarra</i>) e gü ante e, i, para marcar que se pronuncia o u (<i>pingüín, bilingüe</i>).
Z (<i>zoco</i>)	- z ante a, o, u (<i>zapato, zona, zume</i>) e ao final de palabra (<i>luz</i>). - c ante e, i (<i>cen, cita</i>).
R forte (<i>roda</i>)	- rr cando vai entre vogais (<i>carro, terra</i>). - r nos demais casos (<i>enredar, rato</i>).
B	b ou v, segundo os casos (<i>cabalo, varrer</i>).



SABER MÁIS

A gheada e o seseo

A gheada e o seseo son dous fenómenos fonéticos que non se representan na norma escrita.

- A **gheada** consiste na pronuncia do son G con aspiración. Este fenómeno localízase en case a metade de Galicia (*ghato, ghaliña*).
- O **seseo** consiste na pronuncia do son Z como S, ben só a final de sílaba (*lus, des*), ou en calquera posición (*sapato, razón, rapás, Vásques*).

ACTIVIDADES

1 Copia os enunciados coas grafías necesarias.

- O xen*o de *usta*o é is*a*elí e *i*o e a miles de *ilómetros de a*í.
- Hoxe para *ear *o*iñamos arro* *oas luras *e trouxo o a*ó da pes*a.
- Ía un sol de xusti*a, tanto *e *ase *ega*a a lu*!
- Fun á pra*a e mer*ei *erdura, *iwis e un *eixo.
- *ab*iel e *aida pintaron de a*ul o *uarto dos xemel*os.
- O pira*ista a*udiu á pro*a e *lasifi*ouse para os mundiais.
- O *a*edor *arre a *o*iña *oa *asoira no*a.
- *ando sexa *rande, *ere to*ar a *itarra.

2 Elabora, cos exemplos do exercicio anterior, a norma ortográfica que rexe o uso das grafías que representan os sons K, G, Z e R forte.

3 Explica o que significan as palabras destacadas en cada enunciado.

- A panadeira dixo que as **bolas** non **volas** gardaba ata a tarde.
 - Hai que ter **valor** para comer ese pan con **balor**!
 - O terreo era moi **vasto** pero replantaron moi **basto**.
- Escribe oracións similares coas parellas *ven/ben*, *botar/votar* e *revelar/rebelar*.

4 Completa con g, gu ou gü.

- pira__a
- lin__a
- au__a
- pin__ín
- bilin__e
- lin__ista
- re__eiro
- bilin__e
- __ale__idade
- __orila
- parau__eiro
- __an__a

5 Escoita o ditado e escríbeo no caderno.

SABER MÁIS

As linguas peninsulares



As linguas peninsulares: formación e evolución

1 Orixe das linguas peninsulares

Todas as linguas que se falan actualmente na península ibérica, agás o éuscaro, son **neolatinas**, **románicas** ou **romances**. Isto significa que son idiomas formados a partir do latín, que chegou cos conquistadores do Imperio Romano, e desprazou as falas existentes nestas zonas.

O feito de que os romanos contasen cun importante aparato administrativo, unido ao seu desenvolvemento cultural, propiciou que o latín se asentase con solidez nas novas provincias do imperio, como a Gallaecia, ao chegar a elas soldados, comerciantes e altos funcionarios que empregaban ese idioma.


2 Do latín vulgar ás linguas romances

A variedade do latín que chegou cos romanos, e que deu orixe ás linguas románicas, non se correspondía coa empregada nas obras cultas escritas; tratábase dunha variedade oral falada polo pobo, coñecida como **latín vulgar**. Esta lingua evolucionou dun determinado xeito en cada territorio e, á altura do século IX, xa dera lugar a novos idiomas romances diferenciados do latín.

O feito de que o latín vulgar evolucionase cara a unha lingua distinta en cada zona débese, entre outros motivos, a que en cada territorio peninsular entra en contacto cos idiomas que se falaban alí previamente (**substrato**) e, posteriormente, mestúrase tamén coas linguas dos pobos que chegaron despois dos romanos (**superestrato**). Isto fai que incorpore un léxico e unhas características determinadas en cada zona.

A lingua romance que xorde no noroeste peninsular a partir da evolución do latín vulgar é o galego-portugués. Aínda que no século XII se produce a independencia política de Portugal, considérase que, aproximadamente ata o século XV, a lingua falada no territorio galego e no portugués foi a mesma.

FORMACIÓN DO GALEGO-PORTUGUÉS



ACTIVIDADES

1 Le estes tres textos e responde.

**La sonda Maven è arrivata su Marte.
Ci svelerà il passato del pianeta rosso**

Dopo un viaggio di 10 mesi, è entrata in orbita intorno al pianeta rosso. E' la prima missione interamente dedicata all'atmosfera marziana.

www.republica.it

US-Sonde «Maven» in Mars-Orbit eingetreten

Nach einer Reise, die zehn Monate und 711 Millionen Kilometer dauerte, ist die US-Forschungs-sonde «Maven» in den Orbit des Mars eingetreten.

www.berliner-zeitung.de

Sonda da Nasa já chegou a Marte para desvendar o mistério da sua atmosfera perdida

Maven fez viagem de dez meses. Nas próximas seis semanas vai testar o equipamento e irá observar um cometa que vai passar perto de Marte.

www.publico.pt

- Que textos entendes mellor? Hai algún que non entendas?
- En que lingua está escrito cada texto? Cal desas linguas é ibérica? Cales son románicas?
- A que cres que se debe que uns textos che resulten máis fáciles de comprender ca outros?

2 Observa a seguinte lista de palabras galegas procedentes das linguas que se falaban en Galicia antes da latinización.

- Carqueixa, morango, codeso
 - Chicharra, sapo, rodaballo
 - Arroio, gándara, varcia
- Indica a que campos semánticos pertencen.
- Explica por que pensas que as palabras de substrato que quedaron na lingua proceden destes campos, e non doutros como os oficios, as leis, as artes ou as ciencias.

3 As pegadas lingüísticas dos pobos que se foron establecendo no territorio galego quedaron marcadas na toponimia e na antroponimia.

Busca nomes de compañeiros da clase na seguinte lista de antroponimos galegos: www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Imoslle_chamar.pdf
Explica en cada caso o seu significado e orixe.

- Indica se hai nomes de orixe hebrea na túa lista.
Hai nomes gregos? A que cres que se debe?

4 Depois da súa formación, o galego seguiu incorporando palabras procedentes doutras linguas para nomear novas realidades que xurdían; esas palabras son os préstamos.

Explica de que continente serán as linguas de que proceden palabras como *cacao*, *chocolate*, *pataca* ou *tabaco*? Por que pensas que as tomamos de alí?

- Actualmente, a maior parte dos préstamos que está a incorporar o galego proceden do castelán e do inglés. Discute as razóns que explican este feito.



No Portal das Palabras (RAG) podedes atopar informacións curiosas sobre préstamos introducidos no galego e sobre a procedencia de diversas palabras como os nomes dos meses, das estacións ou dos días da semana.

5 Le a información e resolve a cuestión que se propón.

Non todas as palabras de procedencia latina entraron na lingua ao mesmo tempo.

- As **palabras patrimoniais** introducíronse moi cedo na lingua e evolucionaron sufrindo moitas transformacións.
- Os **cultismos** entraron na lingua de forma tardía e, por iso, sufriron menos transformacións. En consecuencia, a súa forma é bastante similar á do termo latino orixinal.

- Indica, nestas parellas de palabras procedentes do mesmo termo latino, cal é o cultismo e cal a palabra patrimonial.

- PLENUM → cheo, pleno
- PLORARE → implorar, chorar
- AURICULUM → auricular, orella

Lembra



A palabra *literatura* tamén se emprega para nomear distintos conxuntos de producións literarias: as escritas nunha lingua (*literatura galega, literatura inglesa...*), nunha época (*literatura medieval, literatura contemporánea...*) ou nun xénero determinado (*literatura dramática...*).

SABER MÁIS

O ensaio

O ensaio é un tipo de obra de perfil académico en que se explica ou interpreta un tema.

Os textos ensaísticos teñen xeralmente un ton divulgativo e poden acoller asuntos moi variados. Por iso se utilizan con frecuencia en ámbitos diversos: xornalístico, literario, científico, etc.

A literatura: características e linguaxe

1 O fenómeno literario. Características

A literatura é un fenómeno difícil de definir, xa que dentro do ámbito literario atopamos obras de moi diverso tipo. Ademais, o criterio que serve para decidir o que é ou non é literario foi evolucionando ao longo do tempo. Nun inicio, a literatura comprendía todas as obras escritas; co tempo, o concepto foise restrinxindo e finalmente pasou a referirse só a aqueles textos que foran escritos cunha intención estética.

De acordo con isto, hoxe entendemos a literatura como unha **manifestación artística que se constrúe a través da linguaxe**.

Dous dos elementos definitorios deste fenómeno son:

- A **creación dun mundo de ficción**: a literatura imita a realidade; pero non é a realidade mesma, senón unha representación desta construída pola imaxinación do autor. O mundo literario pode resultar fantástico ou moi verosímil, pero incluso cando a aparencia de verdade é grande, trátase dunha construción ficticia.
- O **uso especial que se fai da linguaxe**: o autor literario utiliza a linguaxe dun modo particular para provocar determinadas emocións e impresións estéticas no lector. Este uso especial da linguaxe implica a posibilidade de transgredir as normas gramaticais para xerar construcións pouco habituais, e de dotar as palabras de significados novos.

2 Os xéneros literarios

Os textos literarios diferéncianse pola súa forma, pola finalidade con que foron compostos, pola actitude do autor... Algunhas desas características son comúns a varias obras e permiten agrupalas, establecendo clases que se denominan xéneros.

Os **xéneros literarios** son categorías que permiten agrupar os textos literarios que presentan trazos comúns, ao tempo que lles proporcionan aos lectores unha idea previa sobre a obra e lles ofrecen aos autores esquemas e modelos para compoñela.

Na época clásica, a tradición literaria estableceu tres grandes xéneros que seguen vixentes na actualidade: o xénero lírico, o xénero narrativo e o xénero dramático.

2.1. O xénero lírico

No xénero lírico inclúense os textos caracterizados pola presenza dunha voz poética que expresa as súas emocións e pensamentos. Trátase, por tanto, de discursos claramente subxectivos. A voz lírica do poema non ten por que identificarse co autor, e os sentimentos e opinións que expresa non serán necesariamente reais.

A maior parte dos textos líricos están escritos en verso; pero na literatura contemporánea tamén é posible atopar textos poéticos en prosa.

A análise métrica dun poema

Os textos en verso distínguense por posuír un ritmo marcado que se consegue a través dunha serie de repeticións de elementos como a medida dos versos, a distribución dos acentos e a rima. Facer a análise métrica dunha composición lírica consiste, precisamente, en determinar a medida dos seus versos e as estrofas ou combinacións de versos que a compoñen.

- A **medida** dun verso vén dada polo seu número de sílabas. Ao contar as sílabas debemos ter en conta que, se o verso remata nunha palabra aguda, hai que sumar unha sílaba e, se remata nunha esdrúxula, hai que restala. Ademais, existen algunhas licenzas métricas que poden afectar o cómputo:
 - A **sinalefa**. Cando unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza tamén por vogal ou por *h*, as dúas sílabas pronúncianse xuntas e contan como unha soa.
 - A **diérese**. Cando se interpreta como hiato un ditongo, dúas vogais que integraban unha única sílaba compútanse como dúas.
 - A **sinérese**. É o fenómeno oposto á diérese e consiste en interpretar como ditongo un hiato, así que en lugar de dúas sílabas cóntase unha.
 O cómputo das sílabas dos versos servirá para establecer se son de **arte menor** (8 sílabas ou menos) ou de **arte maior** (máis de 8 sílabas).
- A **rima** consiste na repetición de sons, en dous ou máis versos, a partir da última vogal acentuada de cada verso. Se se repiten só as vogais, a rima é **asonante**; se se repiten todos os sons, vocálicos e consonánticos, a rima é **consonante**. Hai versos que non riman con ningún outro: estes denomínanse versos **soltos** ou **brancos**.

Na análise métrica, a rima dos versos represéntase cunha letra maiúscula, se estes son de arte maior (A, B), e cunha minúscula se son de arte menor (a, b). A ausencia de rima represéntanse cunha raia (-).

Estrofas e poemas

Os textos literarios escritos en verso denomínanse **poemas**. Algúns poemas están organizados en **estrofas** (poemas estróficos), que son combinacións de versos cunha medida e rima determinadas. Noutras composicións, os versos sucédense en series sen responder a un esquema de organización fixo (poemas non estróficos).

Un exemplo de poema estrófico de procedencia culta é o **soneto**, formado por dous cuartetos e dous tercetos. Por outro lado, o **romance** constitúe un exemplo de poema non estrófico, ao estar organizado en series formadas por un número indefinido de versos. Esta composición, de orixe popular, foi empregada a miúdo para crear poemas de perfil narrativo, dado que a súa extensión flexible permite desenvolver historias con certa amplitude.

2.2. O xénero narrativo

No xénero narrativo inclúense os textos caracterizados pola presenza dun **narrador** que relata os feitos vividos por uns personaxes ao longo dun período de tempo. Xeralmente, estes textos están escritos en prosa, pero tamén existen poemas cun marcado ton narrativo que, máis ca transmitir sentimentos ou emocións, narran historias.

SABER MÁIS



Formas da lírica

Ao longo da historia os textos líricos adoptaron formas moi diversas. Algunhas delas teñen vixencia na actualidade; outras aparecen claramente vinculadas a unha época e posteriormente caeron en desuso.

Entre as formas máis coñecidas están as seguintes:

- A **oda**, que adoita presentar un ton solemne e constitúe unha loanza de algo ou de alguén.
- A **elexía**, que expresa a dor causada por feitos desgraciados.
- O **himno**, en que unha voz que representa unha colectividade fai un canto, xeralmente patriótico e solemne.
- A **canción**, moi ligada á oralidade e á música e cunha orixe popular, aínda que tamén foi cultivada por autores cultos.

SABER MÁIS

**Xéneros dramáticos clásicos**

A **traxedia** está protagonizada por personaxes elevados que loitan contra un destino adverso e que se ven arrastrados a un final desgraciado.

A **comedia** está protagonizada por personaxes comúns que viven acontecementos cotiáns. Desenvólvese nun ton humorístico e ten un final feliz.

A **traxicomedia** ou **drama** mestura características da traxedia e da comedia: personaxes elevados e humildes, sucesos tráxicos e cómicos, etc.

Os textos narrativos máis comúns son a novela e o conto.

A **novela** é unha narración literaria extensa que adoita desenvolver tramas complexas e que intercala tamén pasaxes non narrativas: diálogos, descrições, etc.

O **conto** é unha narración breve que xeralmente desenvolve unha trama sinxela. Os personaxes que a protagonizan tamén adoitan ser tipos simples, caracterizados a partir de poucos trazos.

2.3. O xénero dramático

Ao xénero dramático pertencen as obras, en prosa ou en verso, concibidas para seren representadas diante dun público. Por iso, no ámbito dramático hai que ter sempre en conta dúas dimensións: a do **texto dramático** e a da **representación teatral**. Boa parte da información necesaria para organizar a representación dun texto dramático aparece no propio texto, especialmente nas **anotacións** que inclúe o autor, pero tamén nos diálogos e monólogos dos personaxes, dos que se poden deducir moitos datos. O resto da información que se precisa pode ser interpretada e engadida polos profesionais encargados de deseñar e executar a posta en escena.

Dentro do xénero dramático distinguíronse tradicionalmente tres grandes xéneros: a **comedia**, a **traxedia** e a **traxicomedia** ou **drama**.

Ao longo do tempo, a estes subxéneros fóronse sumando outros: farsa, entremés, auto sacramental... Algúns deles cultiváronse só en épocas concretas.

3 O texto literario: funcións

A función principal dos textos literarios é causar no receptor determinadas impresións ou emocións estéticas a través da linguaxe. Á parte disto, é fundamental tamén o obxectivo lúdico, é dicir, a vontade de entreter o destinatario e favorecer o seu gozo e deleite por medio de mundos ficticios. Pero, ademais destas dúas funcións, as obras literarias poden cumprir outras que enriquecen o individuo e a sociedade:

- Algúns textos literarios actúan como **fonte de coñecemento histórico** doutras épocas e formas de vida. Por exemplo: as cantigas medievais galego-portuguesas permiten descubrir moitos aspectos da sociedade medieval e infórmanos especialmente sobre os medios de entretemento e diversión da nobreza naquela época.
- As obras literarias tamén poden funcionar como **transmisoras dos valores sociais e culturais** dunha colectividade, ao reflectir as súas tradicións e visión do mundo. A poesía de Rosalía de Castro, por exemplo, retrata moitos aspectos da forma de vida e costumes da sociedade rural galega no século XIX.
- Así mesmo, os textos literarios poden **comunicar ensinanzas**, cumprindo deste xeito unha función pedagóxica. Moitos contos tradicionais, por exemplo, narran unha historia a partir da cal se transmite algún consello ou ensinanza.
- As obras literarias tamén constitúen unha importante vía para a **transmisión de ideas**. Por iso en ocasións poden ter unha compoñente de compromiso ideolóxico e político cando denuncian os aspectos

negativos dunha sociedade, reflectíndoos, someténdooos a crítica ou proponendo alternativas para corrixir as inxustizas. Un exemplo disto son certos poemas de Manuel Curros Enríquez que reflicten a miseria en que vivía a maior parte da poboación galega a finais do século XIX.

4 A linguaxe literaria

Nos textos literarios emprégase a lingua dun xeito diferente ao habitual para facela máis estética e expresiva. Con isto búscase crear no lector determinadas emocións e impresións, non só a través do contido, senón tamén por medio da forma. Por iso é característico deste tipo de textos o uso de **recursos estilísticos**, procedementos que se afastan do uso común da lingua e que contribúen a realzar a expresividade, a transmitir determinadas emocións ou a dispoñer dun modo máis suxestivo e persuasivo as ideas que se comunican.

É posible clasificar os recursos estilísticos en virtude de se afectan os sons (recursos fónicos), a morfoloxía e a sintaxe (recursos gramaticais) ou os significados e a lóxica da lingua (recursos semánticos e lóxicos).

4.1. Recursos fónicos

Os **recursos fónicos** interveñen nos sons e poden procurar distintos efectos: crear unha impresión acústica no receptor, incidir nun son que se relaciona co contido que se transmite... Percíbense especialmente cando os poemas se transmiten a través da oralidade.

- **Aliteración.** É a repetición dun ou varios sons para provocar un efecto determinado. Exemplo:

*Do que queda do riso no recordo:
un eco de elexía na cova do lobo,
un ouvear de lobos en eco,
un ecoar de homes misteriosos que rin.*

XOSÉ M.^a ÁLVAREZ CÁCCAMO

Repetición do son [K] para
suxerir o efecto do eco.

- **Paronomasia.** Consiste na utilización de palabras semellantes no son, pero con significados distintos. Exemplo:

Digo devastación que USA, usa. CELSO EMILIO FERREIRO

4.2. Recursos gramaticais

Os **recursos gramaticais** xogan coa orde das palabras na oración e coa supresión ou repetición dalgunhas delas, para crear diferentes efectos.

- **Anáfora.** É a repetición dunha ou máis palabras ao comezo de distintos versos ou enunciados. Esta reiteración crea un efecto sonoro e, ademais, contribúe a reforzar a idea que esas palabras transmiten. Exemplo:

*Onte era anduriña.
Onte serán cantigaba.
Onte a pradeira aboiaba no retorno da meniña.* MARÍA MARIÑO

- **Paralelismo.** Consiste na repetición de estruturas sintácticas iguais ou similares. Isto xera un efecto rítmico e incide na formulación dunha idea.

*Será a túa lingua a miña liberdade?
Será o teu silencio o meu país?* ALFONSO PEXEGUEIRO



A literatura constitúe un acto de comunicación diferido: a creación da mensaxe e a súa recepción prodúcense en momentos distintos entre os que pode existir unha distancia de anos, ou mesmo de séculos. Por iso, á hora de interpretar e analizar unha obra literaria é fundamental entender as claves do contexto en que foi creada, que poden ser moi diferentes das actuais en aspectos como o estado e consideración social da lingua; a estrutura da sociedade; os costumes, leis e pautas de comportamento vixentes; os valores; o que se considera ou non literatura; o que se percibe como ficción e como realidade; o valor que se lle dá á orixinalidade dos textos, etc.

Por iso, entre o texto á luz da época en que circulou é fundamental para comprender a intención do autor ao escribilo.



O uso de recursos estilísticos é habitual nos textos cotiáns para crear mensaxes suxestivas e atraentes.



PRESTA ATENCIÓN

É habitual o uso de recursos como a ironía e o paradoxo con sentido humorístico ou para facer algunha crítica. Isto pode apreciarse no seguinte texto:

Indignation. Palabra francesa. En galego antigo: «Mexan por nós e hai que dicir que chove».



Símbolo.

Obxecto que representa outra cousa. Por exemplo, a bandeira representa un país. Algunhas persoas non cren neste tipo de símbolos e xulgan que a bandeira só é un trapo. Esas mesmas persoas nunca din, non obstante, que un billete só é un papel e, cando teñen algún na man, pensan en vestidos, viaxes, automóviles, etc.

MANUEL VEIGA, *Do G ao Z: Dicionario indignado e humorístico* (adaptación)

- **Quiasmo.** Consiste en presentar en orde inversa os membros de dúas secuencias paralelas que van seguidas. Exemplo:

*Camiño longo, camiño longo,
camiño da miña vida,
escuro e triste de noite,
e triste e escuro de día [...].*

RAMÓN CABANILLAS

- **Hipérbato.** Consiste na alteración da orde habitual das palabras. Isto introduce unha dificultade na lectura que obriga o lector a prestar máis atención ao contido. Por outra parte, permite colocar en primeiro lugar o elemento do enunciado que se quere destacar. Exemplo:

*Loitando se vencen
da sorte os segredos [...].*

EDUARDO PONDAL

- **Asíndeto.** É a supresión de conxuncións e enlaces nun enunciado. A ausencia destes elementos fai máis fluída a expresión e crea dinamismo. Exemplo:

*Aquí non hai vagadas nin roncallos
non se ven os cabezos nin as praias
o taberneiro bole saúda cobra serve fala [...].*

BERNARDINO GRAÑA

- **Polisíndeto.** Consiste no uso repetido dunha conxunción e confírelle ao discurso un ritmo máis repousado. Exemplo:

*[...] se choran, es ti que choras,
e es o marmurio do río
e es a noite e es a aurora.*

ROSALÍA DE CASTRO

4.3. Recursos semánticos e lóxicos

Os **recursos semánticos** interveñen nos significados das palabras e enunciados (amplíanos, modifícanos...) e na súa lóxica (crean asociacións pouco comúns...). Todo isto contribúe a captar a atención do receptor e a facer o discurso máis suxestivo, estético e expresivo.

- **Comparación ou símil.** A comparación ou símil consiste en confrontar dous elementos para establecer entre eles certas similitudes. Exemplo:

*Que o murmurio das fontes
se adelgace
como cristal de íntima ocarina [...].*

XULIO L. VALCÁRCCEL

- **Metáfora.** Cando se identifican directamente dúas nocións entre as que se establece unha relación de semellanza, falamos de metáfora. Poden estar explícitos os dous termos que as designan, ou pode substituírse un deles polo outro. Exemplo:

Ese vento de seda é o tempo que pasa. ÁLVARO CUNQUEIRO

- **Símbolo.** Consiste na representación dunha idea ou realidade abstracta a través doutro concepto, xeralmente material. Exemplo:

*Unha vez tiver un cravo
cravado no corazón,
e eu non me acordo xa se era aquel cravo
de ouro, de ferro ou de amor.*

O «cravo» simboliza o sufrimento.

ROSALÍA DE CASTRO

- **Metonimia.** Consiste en designar unha cousa co nome doutra, porque entre elas existe unha relación causal, temporal, espacial ou simbólica. Exemplo:

*Aquel home chamábase Macías,
que era o batería e un pouco o xefe.*

MANUEL RIVAS

} Noméase o instrumento (batería)
para referirse a quen o toca.

- **Sinécdote.** É un tipo de metonimia que presenta a particularidade de que entre os elementos que entran en xogo se establece unha relación de tipo cuantitativo: désígnase un todo a través do nome dunha das súas partes, ou viceversa. Exemplo:

*Des que meteu os miolos na chisteira,
don Celidonio fíxose outro.*

VICENTE RISCO

} Noméase a parte (miolos) para
referirse ao conxunto (cabeza).



- **Hipérbole.** Consiste en expresar algo de forma esaxerada para captar a atención do receptor con distintas finalidades: crear un efecto cómico, facer unha crítica, intensificar unha emoción... Exemplo:

*Enchéronnos o vaso
con toda a auga do Mar
para compor un cocktail de horizontes [...].* MANUEL ANTONIO

- **Paradoxo.** É a expresión dunha contradición aparente que agocha un sentido profundo. Exemplo:

*O comezo eras e o fin
de todos os meus ensonos [...].* EDUARDO BLANCO AMOR

- **Antítese.** É a contraposición de dous elementos. Exemplo:

*É outono
e en min nace primavera.* MARÍA MARIÑO

- **Oxímoro.** É similar á antítese: consiste en xuntar dous termos de significado oposto que reunidos orixinan un novo sentido. Exemplo:

*Ollaime ben, eu son unha arbre triste
afincada na orela
dun río interminábel, misterioso,
de muda voz coma o falar das pedras.* CELSO EMILIO FERREIRO

- **Sinestesia.** Consiste en combinar dúas imaxes ou sensacións percibidas por diferentes sentidos. Exemplo:

E soa unha campá de luz, aló, moi lonxe. MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

- **Ironía.** Consiste en expresar o contrario do que se quere dicir. Exemplo:

*Ouh, que gozo morrer nas guerras santas
por mitos, por bandeiras, por palabras
–baixo palabra de honor– palabras sacras.* CELSO EMILIO FERREIRO

- **Personificación ou prosopopea.** Consiste en atribuírlles aos seres inanimados calidades propias dos seres vivos, ou en atribuírlles aos animais calidades dos humanos. Exemplo:

*Cando a cidade se desangra,
coma un monstro de area,
torpemente vermella, espirra
sobre o seu corpo de rúas.*

FRAN ALONSO



Deitado fronte ao mar

Lingua proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque si, porque me gusta,
porque me peta e quero e dáme a gana;
porque me sae de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sen raíces
que ao pór a garavata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos avós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos da linguaxe,
remo e arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque si, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
preto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruíns e poderosos,
non falo pra os *finchados*,
non falo pra os baleiros,
non falo pra os estúpidos,
que falo pra os que aguantan rexamente
mentiras e inxustizas decotío;

pra os que súan e choran
un pranto cotián de bolboretas,
de lume e vento sobre os ollos *núos*.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.
E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ese camiño...

CELSE EMILIO FERREIRO,
Longa noite de pedra (adaptación)



ACTIVIDADES

- 1 Explica que características fan deste texto unha composición poética e en que se diferencia, por exemplo, dun texto en prosa.
- 2 Analiza cal é o tema xeral que desenvolve o texto e contesta as seguintes cuestións.
 - Por que se utiliza o adxectivo «proletaria» para referirse á lingua?
 - Que situación social describe o verso «mariñeiros, labregos da linguaxe»?
 - A quen se refire o autor cando fala de «patufos desleigados»? Que actitudes e comportamentos desas persoas denuncia o poeta?
- 3 Resume brevemente cal é a posición do autor a respecto da lingua, segundo se desprende do texto.
- 4 Procura información sobre o momento en que Celso Emilio escribiu este poema e responde.
 - Cal era a situación da lingua naquela época?
 - Que puido significar nese momento que o autor escribise un texto coma este? Argumenta a resposta.
- 5 Nesta composición, Celso Emilio fai un uso moi marcado dalgúns recursos estilísticos cos que lle confire unha grande expresividade ao poema. Explica cales son eses recursos e que efecto produce o uso de cada un deles.
- 6 **PARA PENSAR.** Reflexiona e explica.
 - Cres que unha obra literaria pode representar unha cultura e unha nacionalidade, como tamén o fan o deporte ou a música? Por que?
 - Pensas que a literatura pode ou debe servir para facer denuncia social? Razona a resposta.

Obra de todos, obra de ninguén

XAN FARRUCO, LOURENZO e a súa XENTE, e MARTIÑO. Praza en Compostela, cabo da catedral. Sentados ao solleiro, rematada a merenda, a ton coa luz preguiçeira da tardiña, a XENTE –cuadrilla de canteiros ao mando dos irmáns XAN FARRUCO e LOURENZO, chamados os LERIAS– canta:

A aga do Mondego canteiriña
polo mal de amores
que, alegre, leva.

Por un lateral, empurrando a rolos
un gran perpiaño, entra LOURENZO.

LOURENZO: Botade unha man aquí...

XAN: Pero ti toleaches!?

LOURENZO: Todo para fóra... á raxeira! (A XENTE comeza a carrexar pedras a medio labrar.) Para un día que loce o sol nesta vila balorenta.

XAN: Boa gana de pasarmos este traballo, Lourenzo, se vai chover.

LOURENZO: «O bo canteiro traballa no rueiro».

XAN: (Desaprobador.) Ese é teu.

LOURENZO: E logo...

XAN: Os refráns non son de ninguén.

LOURENZO: Ou son de todos.

XAN: Que vén sendo o mesmo.

LOURENZO: (Dubitativo.) O mesmo, o mesmo...

XAN: O mesmo!

LOURENZO: Canta pedra levamos labrada por eses mundos?

CANT. 1: Canteiras!

LOURENZO: Cantos cruceiros de aldea?

CANT. 2: Millenta.

LOURENZO: E quen ha saber que foi a cuadrilla dos irmáns Xan e Lourenzo, de mal nome Os Lerias, os que os fixeron? Pasado o tempo serán obra de ninguén.

XAN: Ou de todos.

LOURENZO: Que vén sendo o mesmo.

XAN: (Dubitativo.) O mesmo, o mesmo...

LOURENZO: O mesmo!

Afogando a singular disputa, a XENTE canta. Os irmáns únense.

Se é por mal de amores,
que cante o río,
que con esas penas
séntese un vivo.

CÁNDIDO PAZÓ,
Raíñas de pedra (adaptación)

ACTIVIDADES

1 Localiza as referencias aos refráns que aparecen no texto e responde.

- Que significa que os refráns non son de ninguén e son de todos?
- Que tipo de literatura posúe esas características?

2 Indica se existe algunha parte do texto non destinada á representación dialogada. Se é así, explica como se diferencia do resto e cal é a función que cumpre.

➔ SABER FACER



Proxectar a representación dun texto dramático

Aínda que poidamos acceder a eles en formato escrito, os textos dramáticos concíbense para a representación, e é nela onde adquiren o seu sentido e valor. Nun texto dramático existen moitas informacións que axudan a deseñar a súa posta en escena. Axudándovos delas, proxectaredes a representación do fragmento anterior.

1 Organizádevos en grupos e examinade o texto procurando todos os datos que vos informen dos elementos necesarios para a representación.

- Número de actores e características; xestualidade e ton de voz que esixe a súa interpretación.
- Elementos escénicos que integrarán o decorado, os vestiarios, a iluminación, etc.

2 A partir da información recollida, dispoñede todo o preciso para a representación e levádea a cabo ante o resto dos compañeiros.

3 Comentade entre todos que diferenzas percibistes entre a posta en escena dun grupo e doutro. De cantas maneiras pensades que se pode representar un mesmo texto dramático?



O pai de Migueliño

O pai de Migueliño chegaba das Américas e o rapaz non cabía de gozo no seu traxe festeiro. Migueliño sabía cos ollos pechados como era o seu pai; pero de nantes de saír da casa botoulle unha ollada ao retrato.

Os «americanos» xa estaban desembarcando. Migueliño e a súa nai agardaban no peirao do porto. O corazón do rapaz batíalle na táboa do peito e os seus ollos esculcaban nas greas, na procura do pai soñado.

De súpeto avistouno de lonxe. Era o mesmo do retrato ou aínda mellor portado, e Migueliño sentiu por el un grande amor e, canto máis se achegaba o «americano», máis cobiza sentía o rapaz por enchelo de bicos. Ai!, o «americano» pasou sen mirar para ninguén, e Migueliño deixou de quere-lo.

Agora si, agora si que o era. Migueliño avistou outro home moi ben traxeado e o corazón dáballo que aquel era o seu pai. O rapaz devecía por bicalo a faltar. Tiña un porte de tanto señorío! Ai, o «americano» pasou e nin tan sequera reparou en que o seguían os ollos angustiosos dun neno.

Migueliño escolleu así moitos pais que non o eran e a todos quixo tolamente.

E cando esculcaba con máis anguria, fíxose cargo de que un home estaba abrazado a súa nai. Era un home que non se parecía ao retrato; un home moi fraco, medido nun traxe moi frouxo; un home de cera, coas orellas fóra do cacho, cos ollos encovados, tusindo...

Aquel si era o pai de Migueliño.

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO, *Cousas* (adaptación)



ACTIVIDADES

1 Responde.

- Cal é o tema principal deste texto?
- Por que marchou o pai de Migueliño? Quen son os «americanos»?
- Que expectativas ten o rapaz a respecto do pai? Por que?
- Que revela o aspecto do retornado?

2 Explica a que xénero pertence este texto e que elementos che permiten afirmalo.

3 TRABALLO COLABORATIVO. Organizádevos en grupos para traballar sobre a emigración galega e a súa pegada na literatura.



- Distribuíde as tarefas de procura de información ocupádevos cada un dalgúns destes aspectos: en que anos foi máis intensa a emigración, que causas a produciron, cales eran os destinos máis habituais, cales foron as súas consecuencias para o país, etc.; que autores galegos trataron o tema da emigración, en que textos, etc.
- Poñede en común a información e valorade entre todos que importancia tivo o tema da emigración na literatura galega e de que xeito se reflicten as consecuencias dese fenómeno no texto de Castelao. Recollede por escrito as vosas conclusións expoñendo en cada caso os datos que as apoian.

Que é un meme

Dos cinco millóns de botellas de auga en envase de cristal que en xuño de 2006 saíron das fábricas de Solán de Cabras con destino aos bares, cafeterías e restaurantes españois, dous millóns xamais regresaron, nun caso de roubo colectivo e contaxioso nunca visto. Os clientes namoráronse da súa bonita cor azul e leváronas para a casa metidas en bolsos, agochadas entre as camisas ou, directamente, pedindo permiso.

Sete anos despois, a principios de 2013, o mozo senegalés Dara Día pasaba nun mes de vender películas no top manta arredor do Mercado Central de Valencia a dar concertos nas discotecas locais. O vídeo musical que gravara cun amigo sobre un chiste que estaba de moda eses días en Internet, o «Ola k ase», convertérase nun éxito repentino.

O que teñen en común as historias do inocente roubo masivo das botellas de Solán e a súbita popularidade de Dara Día é que detrás delas existe un meme con éxito. Un meme é calquera idea contaxiosa, unha idea que salta de mente en mente. Adoitanos relacionar o termo cos fenómenos virais de Internet, pero como pequena unidade da cultura humana, os memes son tan antigos coma nós mesmos.

DELIA RODRÍGUEZ, en toyoutome.es (adaptación)

ACTIVIDADES

- Desde o punto de vista do discurso, este texto combina unha parte narrativa con outra expositiva. Identifica e delimita cada unha delas.
 - Que función cres que cumpre a parte narrativa?
- Explica que intención comunicativa ten este texto.
- Indica en que tipo de obra ou contexto comunicativo poderías atopar un texto deste tipo.

Pan de Galicia

A cultura do pan en Galicia remóntase a moitos séculos atrás, e son moitas as zonas que souberon conservar as súas receitas ancestrais para traernos pan artesan a os nosos días. En Galicia encontramos pans tradicionais por todo o territorio e de todas as formas e tamaños, por exemplo: de peso, de bolo, de bola, ou aqueles que xa recollen a súa orixe no seu nome, como a bola do Porriño, o molete de moño da zona de Valdeorras, o molete, a bola e o cornecho de Santiago, o pan de Cea (o primeiro en Europa en lograr a Indicación de Orixe Protexida), etc.

Aínda que cada territorio ten características que fan do seu pan un produto único, poderíase dicir que, en xeral, o pan galego destaca polas súas formas irregulares e a súa codia fina, crocante e dourada, o seu alto índice de hidratación e o seu miolo lixeiro.

Aproveitade para descubrir todos os seus segredos en Cea, Ourense. Alí celébrase a Festa do Pan de Cea, o primeiro domingo de xullo. Non perdades ocasión de visitar algunha panadaría e coñecer de primeira man os artesáns e os seus fornos de leña, así como de facer a Ruta dos Fornos, coñecendo varios do s. XIII que foron restaurados e que forman parte da historia e da cultura deste municipio. Ademais, podedes aproveitar para percorrer o ámbito e descubrir o seu patrimonio oculto. Necesitades máis motivos para ir á Festa do Pan de Cea?

En www.gastronomiadegalicia.com (adaptación)



ACTIVIDADES

- Explica que intención ou intencións comunicativas ten este texto. En que contexto, con que obxectivos e para que tipo de público puido escribirse?
- Localiza unha secuencia descritiva no texto e explica se se trata dunha descrición obxectiva ou subxectiva.
 - Identifica outras formas do discurso no texto, ademais da descrición.
- O último parágrafo busca persuadir o lector ou darlle un conxunto de ordes? Argumenta a resposta.

O rostro do país

O nome de Domingo Fontán non lle dirá gran cousa ao lector. Polo que sabemos, foi a primeira persoa que percorreu Galicia a pé. Toda Galicia, sen a excepción dunha aldea. Fíxoo para levar a cabo a grande obra da súa vida: o primeiro mapa topográfico e trigonométrico moderno do país. Partindo da Torre do Reloxo da catedral de Santiago de Compostela, onde estableceu o «punto cero» da medición, e portando o valioso teodolito que encargara a un óptico en París, don Domingo botouse aos camiños para se converter nun personaxe celeberrimo en cada comarca pola que ía pasando, e ao que os paisanos trataban cunha mestura de reverencia e conmisericordia, as que lles merecía un sabio que tiña o comportamento dun tolo.

Fontán non era para nada un tolo, senón posiblemente a persoa máis perfeccionista que teña dado Galicia. Tan en serio tomou o seu traballo que o grao de detalle que acadou no seu mapa só se deu superado hai moi poucos anos, e iso coa cartografía feita por satélite. Cando ao cabo rematou, en 1834, pódese dicir que concluíu algo máis ca unha proeza cartográfica (o resto de España

non vai contar cun mapa así ata cento trinta anos despois). Non, o de Fontán lindou entre o mítico e o poético, porque ao longo dos seus dezasete anos de percorridos solitarios a pé e dacabalo chegou a coñecer persoalmente a case que todos os galegos vivos naquela altura, ademais de todas e cada unha das vilas, vales, ríos e montañas. Raramente terá habido unha comunión máis completa entre unha persoa e un territorio, entre un estudoso e o seu obxecto de estudo, entre un habitante e o seu país. Máis aínda: a todos eses lugares que visitou, Fontán tomoulles a medida, literalmente, poñéndoo (tamén literalmente) no mapa, compondo deste xeito o que Álvaro Cunqueiro chamou, en tons líricos, «o rostro do país».

MIGUEL-ANXO MURADO, *Outra idea de Galicia* (adaptación)



ACTIVIDADES

1 Resume o contido do texto.

2 Que tipo de texto é este, desde o punto de vista da forma do discurso? Marca a resposta correcta e xustifica a túa elección.

- ☐ narrativo
 ☐ dialogado
 ☐ argumentativo
 ☐ descritivo
 ☐ expositivo

3 Determina agora de que tipo de texto se trata, atendendo á súa intención comunicativa.

► Explica de forma argumentada en que contexto cres que poderías atopar un texto coma este: nunha novela, nun libro de historia, nun ensaio, entre as noticias ou os artigos de opinión dun xornal...

4 Explica con que significado literal se utilizan estas expresións no texto e que outro sentido poden ter.

- Tomarlle a medida a un lugar (ou a unha persoa).
- Poñer un lugar no mapa.

5 Explica o que é unha palabra polisémica. Despois, indica por que son polisémicas as palabras do texto *obra*, *reverencia* e *satélite* e escribe varias oracións con elas en que se perciba ese carácter polisémico.

6 Explica cales son os dous compoñentes do signo lingüístico *mapa*.

► Procura na lectura un exemplo de cada unha das seguintes unidades lingüísticas: morfema, palabra, enunciado e texto.

7 Busca no texto un exemplo de cada tipo.

- Un son que, dependendo da posición en que apareza, se represente cunha grafía ou con outra.
- Unha grafía que poida representar dous sons distintos.

8 Indica cal é a base lingüística fundamental da que procede o galego e que compoñentes de substrato e superestrato interviñeron na súa formación.

9 No texto dise que o escritor Álvaro Cunqueiro definiu o mapa de Fontán como «o rostro do país». Explica que significado ten esta expresión e que recurso estilístico se empregou nela.

10 Explica de forma xeral que funcións pode cumprir un texto literario.

